<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<p>desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.</p>	<p>desemprego.</p>	<p>principais repercusións económicas e sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. ▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA 	
BLOQUE 6. ECONOMÍA INTERNACIONAL.					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Globalización económica. ▪ B6.2. Comercio internacional. ▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea. ▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL ▪ CD 	

			acontecimentos		
--	--	--	----------------	--	--

			<p>económicos contemporáneos no contexto da</p> <p>globalización e o comercio internacional.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. 		
--	--	--	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	--

-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA SUPERAR A MATERIA

BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1-1.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica de forma adecuada os conceptos de escaseza de recursos e bens.
B1-1.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica distintas formas de abordar e resolver problemas económicos. • Mostra actitudes de interese, esforzo e responsabilidade na execución de accións e tarefas, e de autonomía na toma de decisións. Participa de forma activa, empática, respectuosa e cooperativa nos traballos e nas interaccións da aula.
B1-2.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende, explica e utiliza correctamente diferentes termos da área da economía. • Localiza, selecciona, organiza e expón información adquirida en textos e imaxes para completar as súas actividades, traballos e proxectos. Expón conclusións xustificando e fundamentando os seus argumentos, e comunica dita información oralmente e/ou por escrito.
B1-2.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende a diferenza entre economía positiva e economía normativa.
B1-3.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia os conceptos de unidades económicas de produción e unidades económicas de consumo.
B1-3.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue distintas formas de abordar e resolver problemas económicos do seu entorno.

BLOQUE 2. ECONOMÍA E EMPRESA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
---------------------------	----------------------------

B2-1.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica e diferencia aspectos fundamentais dos mercados identificando e describindo os mercados de competencia perfecta e imperfecta. • Explica os conceptos de monopolio, oligopolio, competencia monopolística, monopsonio y oligopsonio. • Expón reflexións críticas sobre as situacións de desigualdade no acceso aos recursos económicos.
B2-1.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica a forma xurídica das empresas definindo os tipos de responsabilidade.
B2-1.3.	<ul style="list-style-type: none"> • Aporta reflexións críticas sobre a responsabilidade social e ambiental das empresas e as corporacións.
B2-2.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica que é a produción dunha empresa e define limitacións na produción de bens e servizos. • Identifica e describe os factores de produción, os tipos, e os recursos que os integran. • Explica a tecnoloxía, a eficiencia e a produtividade definindo relacións entre elas. • Explica e interpreta comparacións entre sistemas produtivos e representacións gráficas sobre la expansión da produción.
B2-3.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica que función desempeñan as empresas e que riscos corren. • Explica a organización das empresas e a función de cada un dos elementos que a compoñen: elemento humano, material, inmaterial e a contorna. • Explica os obxectivos das empresas e formas de crecemento interno e externo. Explica a maximización de beneficios a longo prazo.
B2-4.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica o valor engadido e calcula o valor engadido producido por unHa empresa a partir de casos

	datos.
B2-5.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica o imposto de sociedades e o IRPF. • Explica o rexistro mercantil e aporta información sobre como está organizado en España.

BLOQUE 3. ECONOMÍA PERSOAL

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1-1.1.	Explica que é a renda familiar e os tipos de decisións que as familias toman en relación a ela.
B1-1.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica distintas formas de abordar e resolver problemas económicos. <p>Mostra actitudes de interese, esforzo e responsabilidade na execución de accións e tarefas, e de autonomía na toma de decisións. Participa de forma activa, empática, respectuosa e cooperativa no traballo e as interaccións da aula.</p>
B1-3.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica o consumo das familias, os factores dos que depende, e as formas de influencia das expectativas de consumo. <p>Explica o aforro das familias. Explica que son os activos e especifica tipos definindo relacións de aforro e o patrimonio familiar.</p>
B1-3.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica os ingresos das familias expoñendo reflexións sobre os factores do salario que pode controlar

	<p>traballador.</p> <p>Observa, le, interpreta e explica unha nómina.</p>
B3-1.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora e interpreta un presuposto familiar a partir dun caso dado. <p>Interpreta e resolve problemas relacionados co presuposto persoal e familiar analizando ingresos egastos.</p>
B3-2.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica os instrumentos de inversión. • Describe a inversión en renda fixa e variable. • Explica a clasificación das accións segundo os diversos criterios. <p>Identifica, clasifica e explica fondos de inversión.</p>
B3-3.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Expón vantaxes e inconvenientes de priorizar o aforro sobre o consumo e viceversa. <p>Expón reflexións e valoracións sobre hábitos de consumo moderados, racionais e responsables, e consecuencias sociais e medioambientais do consumo irresponsable.</p>
B3-3.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica que é o endebedamento, expón a súa clasificación e os factores da mesma. Identifica efectos e consecuencias do endebedamento a nivel individual e colectivo sinalando vantaxes e inconvenientes. <p>Expón reflexións sobre as limitacións que implica para unha familia.</p>

B3-4.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica os depósitos bancarios: contas correntes, de aforro e imposicións a prazo fixo (IPF). Identificaregras para comparar depósitos bancarios.
B3-4.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica e aplica cálculos para valorar o rendemento dos depósitos a prazo fixo.
B3-4.3.	<ul style="list-style-type: none"> • Define que é un aval e identifica e describe tipos.
B3-5.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e diferencia os diferentes tipos de seguros: de persoas, de danos e de prestación deservizos.
B5-2.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Observa e interpreta gráficos de contido económico.

BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B4-1.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica que é o produto interior bruto (PIB) e describe e aplica métodos para calculalo. • Explica a taxa de crecemento económico e aplica formas de medila. • Explica o valor engadido.
B4-1.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza e interpreta datos e gráficos relacionados cos ingresos e gastos do Estado.
B4-1.3.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica que son os ciclos económicos, identificando e describindo as súas fases, expresando relacións entre elas: crise económica ou recesión, fondo, e expansión ou recuperación.
B4-2.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica a débeda pública e o déficit público establecendo relacións entre eles.
B4-3.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Expón reflexións sobre situacións de desigualdade no acceso aos recursos económicos e os medios de produción.

BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE INTERESE, INFLACIÓN E DESEMPREGO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
---------------------------	----------------------------

B5-1.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica causas e consecuencias da quebra bancaria, o pánico bancario e o efecto contaxio. • Explica que é a inflación e como se mide. Explica a deflación. Analiza a relación entre a inflación e a cantidade de diñeiro. • Calcula o índice de prezos e a taxa de inflación a partir dos datos dados. • Identifica causas da inflación. Define a inflación por demanda e a inflación por oferta. • Describe e relaciona efectos sociais negativos da inflación. Explica causas e consecuencias da quebra bancaria, o pánico bancario e o efecto contaxio.
B5-1.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica os tipos de interese e a forma de calculalos identificando os indicadores TIN e TAE. Explica o tipo de interese oficial. • Explica a relación entre os tipos de interese e a inflación. Calcula o tipo de interese real a partir dun caso dado. • Explica a evolución dos tipos de interese definindo factores de influencia na súa variación.
B5-2.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Observa e interpreta táboas e gráficos de contido económico.
B5-3.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa relacións entre a inflación e o desemprego de forma razoada e crítica. • Explica e interpreta a representación da curva de Phillips explicando a súa función.
B5-3.2.	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza datos sobre a evolución do índice de miseria en España.

BLOQUE 6. ECONOMÍA INTERNACIONAL

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B6-1.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica os instrumentos de protección comercial. • Explica os movementos financeiros internacionais: o mercado de divisas, os efectos da variación do tipo de cambio e o mercado de cambio. • Le, interpreta e comenta, de maneira crítica e reflexiva, textos relacionados coas diferentes posturas económicas sobre a priorización do medioambiente. • Expón reflexións sobre causas e consecuencias das condicións de desigualdade no acceso aos recursos naturais entre persoas, pobos e países, e sobre as influencias do desenvolvemento económico.
B6-1.1.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica o comercio internacional e que tipos de cambios engloba. • Identifica causas e vantaxes do comercio internacional. • Explica como se rexistran os intercambios internacionais. Define a balanza de pagos.
B6-1.3.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica a globalización económica e os factores que favorecen a súa afianzamento. • Identifica as vantaxes da globalización económica, e as súas consecuencias e repercusións a nivel social, político, económico e medioambiental.
B6-1.4.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica que é a integración económica, os seus niveis e as implicacións de cada un deles. • Explica efectos positivos e negativos da integración económica.

B6-1.5.	<ul style="list-style-type: none">• Mostra e valora condutas e medidas, a nivel individual e colectivo, local, e global, que contribúen á protección do medioambiente e a sustentabilidade da vida.• Expón reflexións sobre o impacto económico e social dos movementos migratorios e as persoas desprazadas.• Identifica, describe e relaciona consecuencias negativas do comercio internacional no ámbito social, político e medioambiental.• Explica características do desenvolvemento sustentable valorando a súa importancia.
---------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

- | | |
|--|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| | <ul style="list-style-type: none">• Identifica, describe e relaciona consecuencias negativas do comercio internacional no ámbito social, político e medioambiental.• Expón reflexións sobre os modelos de consumo enerxético dos países industrializados, e as súas consecuencias económicas, sociais e medioambientais. |
|--|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución de problemas complexos. As competencias serán traballadas e terán a súa concreción nos distintos estándares de aprendizaxe.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

5.1. Competencia en comunicación lingüística (CCL).

-Utilizar o vocabulario propio da materia tanto de forma pasiva como activa nas diversas formas de comunicación: oral e escrita.

-Ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

-Explicar de forma ordenada, razoada e detallada as causas e consecuencias dun tema ou aspectos relacionados coa materia.

-Realizar esquemas, resúmenes e mapas conceptuais dos contidos propios da materia.

-Lectura de imaxes: Interpretar e explicar oralmente e/ou por escrito o significado de fotos, gráficos, mapas...

- Definir con claridade e precisión conceptos propios da materia.
- Argumentar razoadamente opinións sobre feitos xeográficos e/ou históricos.
- Comprender e explicar textos xornalísticos.
- Utilización de linguaxe non sexista fomentando a construción de relacións en termos de igualdade entre homes e mulleres e a eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas.
- Utilizar a comunicación e o diálogo como eixe da resolución pacífica de conflitos.
- Correcta utilización activa e pasiva de topónimos.

5.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

- Cálculo de distancias e superficies a partir de escalas gráficas e/ou numéricas.
- Cálculo de porcentaxes (tantos por cento, tantos por mil).
- Realización e interpretación de táboas estatísticas e gráficos.

5.3. Competencia dixital (CD).

- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- Procura, selección, rexistro e tratamento ou análise de información utilizando técnicas e estratexias diversas segundo a fonte e o soporte empregados (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).

-Seleccionar, tratar e utilizar a información de forma autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva.

5.4. Aprender a aprender (CAA).

-Dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

-Adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas) do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas, así como do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda doutras persoas e recursos.

-Ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.

-Identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación ou problema, formularse preguntas, utilizar diversas estratexias e metodoloxías que permitan afrontar a toma de decisións, racional e criticamente, coa información dispoñible.

-Proporse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e cumprilas, elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista

-Ser capaz de autoavaliarse e autorregularse, ter responsabilidade de compromiso persoal, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de e coas demais persoas.

5.5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

-Coñecer as características e valores dunha sociedade democrática.

-Exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía.

- Saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia e saber resolvelos con actitude construtiva tomando decisión con autonomía.
- Creación progresiva dun sistema de valores propio respectando os principios e valores universais da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia.
- Valorar as diferenzas e o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres.
- Practicar o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos tanto no ámbito persoal coma no social.
- Amosar un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.
- Exercer unha cidadanía activa e integradora que esixe o coñecemento e a comprensión dos valores en que se asentan os estados e as sociedades democráticas, dos seus fundamentos, modos de organización e funcionamento.
- Reflexionar criticamente sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con particular atención aos dereitos e deberes recoñecidos nas declaracións internacionais, na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia así como na súa aplicación por parte de diversas institucións.
- Amosar un comportamento coherente cos valores democráticos, o que implica dispoñer de habilidades como a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións e o control e a autorregulación deles.

-Construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos e defender os dereitos dos demais e os propios.

-Comprender a realidade social na que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas.

-Exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

5.6. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

-Adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

-Capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais –no marco de proxectos individuais ou colectivos –responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral.

-Poder transformar as ideas en accións, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos, reelaborando as formulacións previas ou elaborando novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica cando é preciso.

-Analizar posibilidades e limitacións, coñecer as fases do desenvolvemento dun proxecto, planificar, tomar decisións, actuar, avaliar o feito e autoavaliarse, extraer conclusións e valorar as posibilidades de mellora.

5.7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

-Coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas,

utilízasas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

-Coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas así como das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural ao longo do tempo.

-Coñecer e identificar as relacións existentes entre as manifestacións artísticas de cada época e a sociedade na que se producen –mentalidade e posibilidades técnicas da época- ou coa persoa ou colectividade que as crea.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía da materia axustarase ao nivel competencial de partida do alumnado, dende os aprendizaxes máis simples iniciais e respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe tendo en conta a atención á diversidade. Desenvolveranse metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. Por iso, o docente asumirá o papel de orientadora, promotora e facilitadora do desenvolvemento competencial do alumnado.

Neste papel o docente, en xeral, adaptándose ás circunstancias do aula e da materia, sempre variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas desenvolverá as seguintes realizacións metodolóxicas:

- A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
- Indagará o nivel de partida do alumnado e o interese do mesmo por medio de cuestións relacionadas directa ou indirectamente coa materia a desenvolver.
- Propoñerá proxectos de indagación de cuestións suscitadas na aula, atendendo ao interese e motivación do alumnado.
- Dirixirá ao alumnado na elaboración e presentación de diferentes tipos de materiais, empregando principalmente

as tecnoloxías da información e da comunicación, orientados á realización de tarefas e á resolución de problemas suscitados.

- Integrará, sempre que sexa posible, un enfoque multidisciplinar ás actividades desenvoltas.
- Diseñará tarefas que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos.
- Introducirá ao alumnado na análise e comentario de documentos xeográficos e históricos.
- Incidirá na correcta comprensión lectora e expresión escrita.

7. AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria é continua, formativa e orientadora. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final da materia son os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Nos procedementos de avaliación o proceso de recollida de información relevante para avaliar a aprendizaxe do alumnado será progresiva, ao longo de cada avaliación.

7.1. AVALIACIÓN INICIAL

O obxectivo desta proba é proporcionar a información sobre o grao de coñecemento dos contidos curriculares dos alumnos e alumnas, así como coñecer o grao de desenvolvemento de determinadas competencias

fundamentalmente a de comunicación lingüística, a de aprender a aprender e, en menor medida, a competencia social e cívica.

A avaliación inicial tamén permite coñecer o progreso e evolución destas destrezas ó longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito, poderemos establecer o punto de partida conceptual do alumnado e a súa evolución en aspectos específicos das técnicas antes mencionadas (emprego de vocabulario específico das disciplinas, identificación de ideas principais nun texto, localización de aspectos xeográficos en mapas mudos, eixos cronolóxicos, cadros sinópticos e remuíño de ideas, entre outros).

Para lograr tal obxectivo, deseñárase un breve cuestionario sobre contidos que se espera que o alumnado coñeza. Será cualificado de 0 a 10 e os resultados obtidos quedarán recollidos no caderno do docente e cuantificados para permitir medir a evolución do grupo e comparar a de cada alumno ó longo do proceso. En función destes resultados, reconsiderarase a programación didáctica en torno a dous aspectos esenciais: temporalización e concrecións metodolóxicas.

7.2. AVALIACIÓN CONTINUA

En Xeografía e Historia, a cualificación de cada trimestre organizarase en tres apartados, cun peso distinto, sobre a nota global da avaliación:

CONCEPTO	VALORACIÓN
Media aritmética das probas escritas	33%
Presentación e exposición oral de proxectos grupais	33%
Presentación e exposición oral de proxectos individuais	33%

En canto ás probas escritas, realizaranse ao finalizar cada unidade didáctica. Porén, de existiren unidades moi curtas

e/ou especialmente sinxelas, poderanse unir á unidade seguinte, realizando así unha proba sobre dúas ou máis unidades. Ademais, poderanse efectuar probas de mapas atendendo ao currículo de cada curso.

Con respecto aos proxectos, farase un por unidade e poderá ser de diversa natureza en función dos intereses e preferencias do alumnado (resumo, esquema, conto, banda deseñada, canción, poema, debuxo, cartel, podcast, presentación en power point ou prezzi, vídeo, sinopse de lecturas e filmes propostos, kahoot...). É indispensable que estea relacionado con algún contido da unidade e que sexa exposto ante os/as compañeiros/as nas datas acordadas, sempre antes da realización da proba escrita para así servir de repaso.

Aínda que utilizaremos os libro de texto de Xeografía e Historia da editorial Santillana para os distintos cursos da ESO, o docente poderá entregar material de reforzo e/ou ampliación en físico ou a través da Aula Virtual.

En Economía, o reducido alumnado posibilita unha cualificación por trimestre baseada exclusivamente na presentación e exposición oral de proxectos, estes valoraranse de distinto modo:

CONCEPTO	VALORACIÓN
Proxectos propostos polo docente	50%
Proxectos propostos polo alumnado	50%

Os proxectos han de ser individuais, expostos en clase nas datas acordadas e relacionados cos contidos de cada unidade. Os propostos polo docente serán presentaciónns en power point, prezzi ou programas similares; mentres que os de libre elección poden ser de diversa natureza en función dos intereses e preferencias do alumnado (resumo, esquema, conto, banda deseñada, canción, poema, debuxo, cartel, podcast, presentación audiovisual, vídeo, sinopse de lecturas e filmes propostos, kahoot...).

Aínda que utilizaremos o libro de texto de Economía da editorial Mc Graw Hill por contar cunha potente plataforma

dixital, o docente poderá entregar material de reforzo e/ou ampliación en físico ou a través da Aula Virtual.

7.3. AVALIACIÓN FINAL

As cualificacións de cada avaliación serán consignadas na acta e boletín correspondentes, de conformidade co establecido na normativa vixente. No caso de que a avaliación dun trimestre non sexa positiva, é dicir, se o alumnado obtén menos dun 5, realizará unha proba escrita de recuperación ao final dese trimestre para mostrar a consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos.

A nota global do curso será o resultado da media aritmética das tres avaliacións. Se o alumno/a, chegada a terceira avaliación a principios de xuño, ten un ou varios trimestres suspensos, deberá realizar un exame de recuperación do trimestre ou trimestres suspensos. Este terá lugar a finais do mes de xuño. Para superar a proba de recuperación, precísase un mínimo de 5 puntos sobre 10.

Do mesmo xeito, nas semanas de xuño que van do final da terceira avaliación a avaliación final, ofreceráselle ó alumnado a posibilidade de mellorar a súa cualificación final a través da realización de actividades e presentacións.

Considérase que o alumnado acada os obxectivos marcados na materia para a súa promoción cando consegue unha nota mínima de cinco na avaliación ordinaria. O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria no mes de xuño nas datas establecidas ao efecto, que será cualificada de 0 a 10 puntos. A proba será escrita e basearase nos mínimos esixibles tendo de referencia como sempre aquelas practicadas ao longo do curso. O aprobado nesta proba significará a superación da materia e para ser avaliado positivamente haberá que acadar, como mínimo, 5 puntos.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Para analizar o proceso de ensino empregaremos as seguintes escalas de estimación, a primeira será cuberta pola profesor e a segunda, polo alumnado de xeito anónimo.

Velaquí a lenda da escala:

1.NUNCA; 2. ÁS VECES; 3. FRECUENTEMENTE; 4. SEMPRE

8.1. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívoise un contacto periódico coa familia por parte do profesordo.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				

11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

8.2. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da				

corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesordo nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Aínda que o indicador máis fiable do éxito dunha programación didáctica reside no entusiasmo ou desencanto do alumnado ao que vai dirixida, avaliáremola seguindo esta escala de estimación.

Velaquí a lenda da escala:

1. NUNCA; 2. ÁS VECES; 3. FRECUENTEMENTE; 4. SEMPRE

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos				

do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				

14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				

27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
Observacións:				

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tanto a avaliación inicial como a avaliación continua permiten detectar as diferentes medidas de atención á diversidade que poden ser necesarias, tanto para alumnos que precisen reforzo ou adaptación curricular como para o alumnado con altas capacidades intelectuais. O traballo con actividades de reforzo ou de ampliación sitúa aos docentes na necesidade de educar desde e para a diversidade, en consonancia co Departamento de Orientación do centro e na adecuación da metodoloxía a aplicar co obxectivo de que esas necesidades detectadas sexan cubertas.

Poderemos aplicar, en xeral, as seguintes medidas e respostas educativas:

-Alumnado con TDAH: terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”.

-Alumnado con problemas de lecto-escritura: traballaremos a exactitude lectora e ortografía básica, a velocidade lectora, a segmentación e a comprensión lectora e composición escrita ca axuda do Departamento de Orientación.

-Alumnado de altas capacidades: proporanse actividades adaptadas ao currículo da materia cun maior grao de complexidade e fondura, sempre partindo dos coñecementos previos sobre o asunto a tratar e que serán detectados a través de entrevista ou actividades específicas co propio alumno.

-Alumnado con desfase curricular por proceder do estranxeiro: contarán con apoios fóra da aula cunha PT e coa propia profesor.

Unha vez obtidos os resultados da Avaliación inicial, valorarase a posibilidade de realizar adaptacións curriculares ou reforzos.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dado que o alumnado é reducido, o Departamento de Xeografía e Historia estará aberto a participar e colaborar con outros departamentos didácticos nas iniciativas e propostas que poidan xurdir ao longo do curso, sempre que sexa posible asumilas. As actividades que realicemos quedarán recollidas na Memoria final de curso.

12. DATOS DO DEPARTAMENTO

O departamento didáctico é unipersoal e está formado, neste curso 2022-2023, pola profesor Diego Salido Herba, que imparte as materias de Xeografía e Historia en 1º, 2º 3 e 4º ESO; e Economía en 4º ESO.

13. REFERENCIAS NORMATIVAS

13.1. NORMATIVA ESTATAL

+ Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 172006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE).

+ Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.

+ Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.

+ Orden ECD/1361/2015, de 3 de julio, por la que se establece el currículo de Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato para el ámbito de gestión del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, y se regula su implantación, así como la evaluación continua y determinados aspectos organizativos de las etapas.

13.2. NORMATIVA AUTONÓMICA

- + Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- + Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.
- + Orde de 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- + Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinos non universitarios.
- + Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- + Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- + Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- + Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- + Orde de 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- + Resolución de 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2017/18 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- + Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.